



## FICHA RESUME

<b>Ano</b>	<b>2009</b>	<b>PE403A 2008/101-1</b>
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE RIBEIRA	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	MOLUSCOS BIVALVOS	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	AUTORIZACIÓNS	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	A FLOTE	

<b>Especies</b>	Ameixa babosa, ameixa rubia, ameixa fina, carneiro, berberecho, ostra e reló
<b>Ambito do plan</b>	De punta Aguiúncho a Eiró Grande; de Eiró Grande a Carabancelo; de Carabancelo a Redonda Vella; de Redonda Vella a punta Castro
<b>Subzonas de explotación</b>	

Participantes no plan de Explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	186	321
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>	<b>NON</b>	
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>	<b>187</b>											
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	Dende embarcación											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>												
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	Ostra											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
										X	X	

Topes de captura <sup>(6)</sup>			
Especies		kg/tripulante/día	kg/embarcación/día
Ameixa babosa		10	30
Ameixa rubia		25	75
Ostra		300 pezas	
Carneiro		10	30
Berberecho		25	75
Ameixa fina		5	15
Reló		-	-

Para a posible explotación do reló deberá agardarse ao que indiquen os resultados do estudo que se está a levar a cabo.

<b>Artes a empregar</b>	Raño, cunha separación de varillas de 17mm
-------------------------	--



<b>Puntos de control</b>	Coroso, Insua, Egoas, Touro, Airó, Castiñeiras, lonxa de Ribeira. O punto de control variará dependendo do banco no que se esté traballando.
<b>Puntos de venda</b>	Lonxa de Ribeira (vendeduría da confraría da lonxa de Ribeira).

Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Epoas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>				X								
Zonas: Coroso, Castiñeiras				X								
<b>Extracción semente para resembrar</b>				X								
Zonas: Porto				X								
Especies: Ameixa babosa				X	X							
<b>Sementeiras</b>				X	X							
Zonas: Por determinar				X	X							
Especies: Ameixa fina e berberecho				X	X							
<b>Traslados</b>				X	X							
Zonas: Porto				X	X							
Especies: Ameixa babosa				X	X							
<b>Rareos</b>												
Zonas: : Por determinar												
Especies:												
<b>Limpezas e arados</b>			X						X			
Zonas: Zonas de sembra e de acúmulo de algas			X						X			
<b>Outros</b>					X	X	X	X	X			
Limpeza de depredadores					X	X	X	X	X			

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

**Zona de produción:** as zonas de extracción están incluídas dentro da zona de produción GAL-09/4.

**Participantes:** no plan inclúense un total de 187 embarcacións, pero conforme aos datos da Consellería hai 186 embarcacións asociadas á confraría de Ribeira con marisqueo Z3 no seu permiso. No listado facilitado pola entidade aparece incluída a embarcación , que conforme aos datos da Consellería non está asociada a esa entidade e dispón no seu permiso de marisqueo para as zonas de libre marisqueo.

De acordo coas normas de xestión incluídas no plan, o número máximo de tripulantes por embarcación con dereito a cota será de 3.

Para a **extracción de ostra coa arte de rastro de vieira** deberá presentarse un plan



**específico para o emprego desta arte** por parte das embarcacións que contén no seu permiso coa arte de rastro de vieira Z3.

**Ampliación:** Tendo en conta que o número de embarcacións diminuíu nos últimos anos e o estado do recurso podería ampliarse en 7 o número de embarcacións, que serían seleccionadas en función do baremo que aprobouse a Dirección Xeral de Recursos Mariños. Sen embargo, a Orde do 26 de outubro de 2004 pola que se regula a alternancia de artes na Comunidade Autónoma de Galicia reflicte que non se poderán incrementar ata que se dispoña o contrario, o raño, a gancha e o angazo, coas que tradicionalmente se vén exercendo o marisqueo desde embarcación. Polo tanto, e en tanto non se modifique a normativa anterior non poderá levarse a cabo a ampliación solicitada e aceptada.

**Calendario:** co obxecto de adaptar o calendario á actividade extractiva real e tendo en conta que foi valorada positivamente a posible ampliación do número de permisos non se acepta a proposta de incrementar o número máximo de días autorizados, polo que queda fixado en 187 días.

**Artes:** Acéptase como arte autorizada o raño cunha separación entre varillas de 17 mm, por ser unha medida máis restritiva que a recollida no Decreto 424/1993.

Con respecto ao **incumprimento das normas do plan** de explotación recoméndase que o colectivo revise coa axente de extensión se o procedemento sancionador que se describe no plan se axusta os estatutos da confraría e ó regulamento de réxime interior da agrupación e se as medidas cautelares son axeitadas. En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Deberán achegar a seguinte documentación:

- Coordenadas cartográficas que delimitan as zonas sometidas a plan, dacordo coa Circular de 6 de outubro 2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009.